

C. COMISIÓNS DE SERVIZOS

O persoal funcionario pode beneficiarse das comisións de servizo tanto de saúde (ver información no DOG 9/05/2007) como de conciliación da vida familiar e laboral (ver toda a información no DOG 30/06/2006 e no DOG 7/06/2007).

D. ITINERANCIAS

CCOO asinou un acordo sobre as condicións de traballo do profesorado itinerante que recolle os seguintes aspectos:

- Carácter voluntario na aceptación das prazas
- Compensación horaria en función dos quilómetros percorridos nos desprazamentos e pagamento puntual destes Tes máis información en www.ccooensino.net/publicacións/monograficos onde se recolle o acordo publicado.

E. PERMISOS E LICENZAS (Non está todos, só algúns dos máis consultados. Podes ver o arquivo completo na nosa web)

PERMISOS, LICENZAS E REDUCIÓNS DE XORNADA (orde 29 de xaneiro de 2016)			
MOTIVO	DURACIÓN	SOLICITUDE	NOTAS
PERMISOS			
PARTO OU ADOPCIÓN	17 SEMANAS A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DE 2016 18 SEMANAS A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DE 2017	XEFATURA TERRITORIAL	6 SEMANAS DESPOIS DO PARTO, APROVEITADAS OBRIGATORIAMENTE POLA NAI
PATERNIDADE	29 DÍAS NATURAIS	DIRECCIÓN	A PARTIR DA DATA DE NACEMENTO DE FORMA CONTINUADA
LACTACIÓN FILLO/A MENOR 12 MESES	1 HORA DIARIA OU 4 SEMANAS ACUMULADAS	XEFATURA TERRITORIAL	A ELECCIÓN FAISE ANTES DE REMATAR O PERMISO MATERNAL
ACCIDENTE, FALECEMENTO, ENFERMIDADE GRAVE 1º GRAO	3 DÍAS HÁBILES MESMA LOCALIDADE 5 DÍAS HÁBILES DISTINTA LOCALIDADE	DIRECCIÓN	REQUIRE HOSPITALIZACIÓN, CIRURXÍA OU INFORME DA INSPECCIÓN MÉDICA. TÓMASE COMO REFERENCIA A LOCALIDADE DE RESIDENCIA DE QUEEN SOLICITA. QUE FIGURE NO CENTRO OU NA BASE DE DATOS DA CONSELLERÍA. CÓNTASE DENDE O DÍA EN QUE O/A SOLICITANTE NON TRABALLARA
ACCIDENTE, FALECEMENTO, ENFERMIDADE GRAVE 2º GRAO	2 DÍAS HÁBILES MESMA LOCALIDADE 4 DÍAS HÁBILES DISTINTA LOCALIDADE	DIRECCIÓN	
ENFERMIDADE MOI GRAVE 1º GRAO	30 DÍAS NATURAIS	XEFATURA TERRITORIAL	NECESÍTASE INFORME DA INSPECCIÓN MÉDICA
CONSULTA MÉDICA DO TITULAR OU FILLO/A	O NECESARIO	DIRECCIÓN	XUSTIFICANTE DA NECESIDADE DE REALIZALA DENTRO DA XORNADA DE TRABALLO
EXAMES FINAIS	OS DÍAS DE REALIZACIÓN	DIRECCIÓN	TEÑEN A MESMA CONSIDERACIÓN OS PARCIAIS ELIMINATORIOS
DEBER INESCUSABLE	O NECESARIO	DIRECCIÓN	ACTO PERSOALÍSIMO CONVOCADO POLA AUTORIDADE COMPETENTE
ASUNTOS PERSOAIS	4 DÍAS, DOS CALES 2 DÍAS LECTIVOS	DIRECCIÓN	SEN XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL E ATENDENDO AS NECESIDADES DO SERVIZO
IMPREVISTOS, INDISPOSICIÓNS...	24 PERÍODOS LECTIVOS	DIRECCIÓN	IMPREVISTOS NON SUPERIORES A 3 DÍAS. NON NECESITAN XUSTIFICACIÓN
TRASLADO DOMICILIO 1 MEMBRO	1 DÍAS HÁBILES MESMA LOCALIDADE 2 DÍAS HÁBILES DISTINTA LOCALIDADE	DIRECCIÓN	PERMISO REFERIDO AO DÍA DE TRASLADO. SON DÍAS NATURAIS.
TRASLADO DOMICILIO 2 OU MÁIS MEMBROS	2 DÍAS HÁBILES MESMA LOCALIDADE 4 DÍAS HÁBILES DISTINTA LOCALIDADE	DIRECCIÓN	PERMISO REFERIDO AO DÍA DE TRASLADO. SON DÍAS NATURAIS.
ACTIVIDADES FORMACIÓN SERVIZOS CENTRAIS CONSELLERÍA	O NECESARIO	INSPECCIÓN	A ADMISIÓN XA IMPLICA O PERMISO. OBRIGA DE PRESENTAR ANEXO I
ACTIVIDADES DE FORMACIÓN UNIVERSIDADES, SINDICATOS, ETC.	O NECESARIO	XEFATURA TERRITORIAL	É PRECISO SOLICITAR O PERMISO COMO MÍNIMO 10 DÍAS ANTES, ACOMPAÑADO DE INFORME DA INSPECCIÓN
LICENZAS			
MATRIMONIO, PARELLA DE FEITO	15 DÍAS NATURAIS	XEFATURA TERRITORIAL	EN DATAS QUE COMPREDAN O DÍA DO FEITO OU INMEDIATAMENTE DESPOIS
ASUNTOS PROPIOS	3 MESES CADA DOUS ANOS	XEFATURA TERRITORIAL	DURACIÓN NON INFERIOR A 5 DÍAS. OS DÍAS SON NATURAIS
ESTUDOS	SEGUNDO CONVOCATORIA	XEFATURA TERRITORIAL	UN CURSO IMPRORROGABLE. PODEN SER CUADRIMESTRAIS
REDUCIÓNS DE XORNADA			
COIDADO DE FILLO/A MENOR DE 12 ANOS OU MAIOR DEPENDENTE	1/3 OU 1/2 DA XORNADA	XEFATURA TERRITORIAL	REDUCIÓN PROPORCIONAL DAS RETRIBUCIÓN
COIDADO FAMILIAR DE 1º GRAO	REDUCIÓN DO 50% DA XORNADA DURANTE 1 MES	XEFATURA TERRITORIAL	SEN REDUCIÓN DE RETRIBUCIÓN. NECESITA INFORME DA INSPECCIÓN MÉDICA. EXCEPCIONALMENTE PRORROGABLE POR OUTRO MES

A. CORUÑA C. P. 15008
Avda. Alfonso Molina, km 2, 3.º andar
Telf. 981 145 895 / Fax 981 145 899
scensino.coru@galicia.ccoo.es
SANTIAGO C. P. 15890
Vía Edison 1.º C. Polígono do Tambre.
Telf. 981 958217 / Fax 981 958201
ensino.slg.o@galicia.ccoo.es
FERROL C. P. 15402
Rúa María 42-44
Telf. 981 369 336 / Fax 981 350 353
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

LUGO C. P. 27002
Rolda da Muralla 58, 5.º andar
Telf. 982 221 060 / Fax 982 245 907
scensino.lugo@galicia.ccoo.es
VIVEIRO C. P. 27850
Rúa García Dorrego s/n
Telf. 982 561 001 / Fax 982 561 025
ucamari@galicia.ccoo.es
OURENSE C. P. 32003
Parque San Lázaro 12, 3.º andar
Telf. 988 392 256 / Fax 988 251 400
scensino.oure@galicia.ccoo.es

O BARCO C. P. 32300
Praza do Concello, 2.º andar
Telf. 988 322 034 / Fax 988 325 159
PONTEVEDRA C. P. 36002
Rúa Pasantería 1, 2.º andar
Telf. 986 866 276 / Fax 986 869 784
scensino.pont@galicia.ccoo.es
VIGO C. P. 36212
Rúa das Teixugueiras 11 entrecán
Telf. 986 246 847 / Fax 986 246 848
scensino.vigo@galicia.ccoo.es



T.E.

setembro 2016

CCOO

ensino

www.ccooensino.net



CURSO 2016-17

En nome da **Federación de Ensino de CCOO** e no meu como secretaria xeral, douche os PARABÉNS por superares o proceso selectivo e pola túa incorporación dun xeito estable ao mundo da docencia.

CCOO é o primeiro sindicato do estado tanto por porcentaxe de afiliación como por representatividade no ámbito confederal. Tamén somos o primeiro sindicato no eido do ensino.

A Federación do Ensino de CCOO de Galicia está integrada por un gran grupo de traballadoras/es do ensino que, coma ti, entendemos que o sindicalismo ha ser democrático e independente, reivindicativo e de clase, unitario, participativo e de masas, de mulleres e de homes, sociopolítico e internacionalista. É o seu obxectivo principal a defensa dos intereses laborais, profesionais e pedagóxicos das persoas que traballan no ensino en todos os niveis educativos e, en igual rango de prioridade, a defensa dun ensino público de calidade, participativo, laico, crítico e democrático, como instrumento dinamizador dunha sociedade máis xusta e máis libre e dunha convivencia pacífica, tolerante e non discriminatoria.

Neste sentido, **CCOO leva acadado importantes melloras para os docentes**: melloras retributivas, melloras de cadros de persoal, melloras que facilitan a conciliación da vida familiar e laboral, melloras na xubilación dos docentes, propostas na súa maioría por CCOO e incluídas no Estatuto Básico do Empregado Público.

Moitas destas melloras atópanse nestes momentos anuladas ou na corda frouxa debido ás políticas de recortes aplicadas polos gobernos central e autonómico, que están dirixindo un ataque indiscriminado contra o ensino público e que ten como idea de fondo o cambio do modelo educativo e de sociedade do noso país.

CCOO mantén o seu compromiso de loitar pola mellora das túas condicións laborais: esixirémolles arreo á Administración garantías no mantemento das condicións laborais e o desenvolvemento dos acordos acadados, pero a nosa forza conseguímla coa túa axuda e a de quen, coma ti, loita por un ensino xusto e de calidade.

Agora, máis ca nunca, a defensa das condicións laborais dos traballadores e traballadoras do ensino é fund mental para que saír da crise sexa unha acción conxunta de toda a cidadanía e non só das empregadas e empregados públicos.

POR QUE É IMPORTANTE AFILIARME?

O traballo que levamos a cabo nas diferentes mesas de negociación é posible grazas ao apoio da afiliación aos seus representantes sindicais. O teu apoio é a nosa forza. As cotas de afiliación son a principal achega para o mantemento dunha acción sindical autónoma.

Ademais, poderás beneficiarte doutros servizos da máxima calidade e fiabilidade como:

asesoramento laboral e administrativo específico;

asesoramento xurídico, profesional e tramitación de recursos;

atención á afiliación de forma presencial, telefonicamente e por correo electrónico;

actividades de formación permanente, homologadas pola Xunta de Galicia, presenciais ou en liña, válidas para concurso de traslados, sexenios...;

envío persoal de publicacións estatais e autonómicas;

información sindical actualizada das mesas de negociación, xuntas de persoal...

Por iso é imprescindible que entendas a importancia de afiliarte a un sindicato como CCOO, para facerte escoitar e para que a túa opinión determine propostas polo ben dos teus dereitos e pola mellora das túas condicións laborais.

1. FASE DE PRÁCTICAS / MEMORIA

Tal e como aparece na Orde do 4 de abril de 2016 (DOG 19 de abril), a fase de prácticas será tutelada e terá a finalidade de comprobar que os aspirantes posúen as capacidades didácticas necesarias para o exercicio da docencia e realizarase nos destinos provisionais que correspondan con desempeño de función docente con plena validez académica. A duración da fase de prácticas será de catro meses.

Terás que realizar:

A) Un informe memoria final. (Non hai un modelo único para facelo, aquí presentámosche unha proposta que pode ser útil.)

1. Valoración global da actividade desenvolvida

2. Análise do contexto: características do centro; para este punto toma como referencia o PEC do centro.

3. Características do alumnado: descrición dos grupos onde desenvolves docencia, características especiais.

4. Ideas básicas sobre as materias dadas

5. Horario: organización da aula e da materia

6. Información coa comunidade educativa: reunións, visitas de nais e pais, boletíns de notas...

7. Obxectivos acadados e resultados obtidos: coordinación con departamentos e ciclos, reunións, titorías.

8. Dificultades encontradas e apoios recibidos

9. Avaliación: do alumnado, da práctica docente e do desenvolvemento do currículo; da organización da aula e dos recursos; da atención á diversidade, da relación entre membros da comunidade educativa, da coordinación co de- partamento ou ciclo e cos outros órganos de goberno e coordinación.

10. Propostas para a mellora continua

B) Realizar un curso de formación de lingua galega de 20 horas de duración. Este curso será programado polo Servizo de Formación do Profesorado, que será o que te convoque.

A avaliación final expresarase nos termos "apto" ou "non apto". No caso de non a superar, poderás repetila o vindeiro curso e, mentres, non serás recoñecido como funcionario de carreira.

Por causa xustificada e por pedimento da persoa interesada, pódese solicitar o aprazamento da fase de prácticas (Dirección Xeral de Recursos Humanos).

2. INFORMACIÓN XERAL

A. NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A DE CARREIRA

Unha vez aprobada a fase de prácticas, sairá publicado no BOE o teu nomeamento como funcionario de carreira con efectividade do 1 de setembro de 2017. Deberías gardar unha copia do DOG e o BOE coa túa nota final, pois pódela precisar en posteriores concurso de traslados.

Se traballaches para outra Administración, has solicitar o recoñecemento dese tempo mediante o ANEXO I

Se traballaches para a Administración educativa, entón has utilizar o ANEXO II para o recoñecemento dese tempo tanto para os efectos económicos como administrativos.

Os funcionarios de carreira cobran un complemento, o sexenio, ao cumpriren seis anos de servizos (ou múltiplo de seis ata un máximo de cinco sexenios) para a Administración educativa. Para percibilos, hai que acreditar para cada sexenio cen horas de formación en cursos homologados, no tramo dos seis anos inmediatamente anteriores ao cumprimento do sexenio.

B. CONCURSO DE TRASLADOS

No primeiro trimestre do curso 2016-17 convócase o concurso de traslados. Tes a obriga de participar ata obteres o primeiro destino definitivo. No ano de prácticas concursas con puntuación cero.

Se obtés destino no concurso, deberás ficar nel dous cursos antes de concursares de novo. A participación nos seguintes concursos xa é voluntaria. Solicitarás as prazas que máis che interesen.

Na nosa páxina web (ccooensino.gal) podes consultar datos sobre o concurso anterior: puntuacións, orde da convocatoria, baremo...